

O entorno de traballo en GNU/Linux

Actividade 1:

Crear no escritorio lanzadores para:

- LibreOffice Writer
- Cartafol Documentos.

Actividade 2:

Engadir un novo panel ao escritorio, que conterá como mínimo:

- Acceso directo a LibreOffice Writer
- Acceso ao cartafol persoal.
- Miniaplicación de notas.

Actividade 3:

Modificar a aparencia do escritorio:

- Establecer un fondo de escritorio.
- Elexir un tema novo.
- Configurar o salvapantallas.

Actividade 4:

Modificar o menú de maneira que:

- Non se mostren os menú de xogos nin o menú de administración.
- No menú de Ofimática non se mostre a aplicación LibreOffice Base.

Actividade 5:

Crear atallos para iniciar aplicacións:

- Alt+A: Calculadora
- Alt+Q: Navegador web

Actividade 6:

Permisos de arquivos:

- Intentar borrar un arquivo do cartafol /bin. Pódese?. Observar os permisos (propiedades) do arquivo.
- Crear un arquivo co editor de texto gedit (menú Accesorios) e gardálo na carpeta persoal. Modificar as súas propiedades para indicar que se abre con LibreOffice Writer. Facer dobre clic sobre o documento para comprobalo.
- Modificar o permiso do documento como 'So lectura'. Abrir o documento, modificar e gardar. Pódese?. Pódese borrar o arquivo?. Qué hai que facer para gardar as modificacións?

Permisos de cartafoles:

- Crear un cartafol chamado 'permisos' dentro do cartafol persoal e darlle permisos de 'Mostrar so os ficheiros' para todos os usuarios, mover os arquivos creados antes a ese cartafol. Hai algún problema?
- Repetir o proceso noutro cartafol sen modificar os permisos, e despois de copiar, cambiar os permisos do cartafol a 'Mostrar so os ficheiros'. Deixa cambiar ou modificar os documentos?, deixa gardar novos documentos no cartafol?
- Crear outro cartafol con un documento, e nas propiedades do cartafol => permisos => acceso de ficheiro => permiso de so lectura, e premer 'Aplicar permisos aos ficheiros anexos'. Deixa modificar os arquivos?, deixa engadir novos arquivos?

Actividade 7:

Compresión e descompresión de arquivos:

- Comprimir os arquivos do cartafol persoal elixindo co nome 'arquivo' tipo rar, e gardalo no escritorio.
- Descomprimir ese arquivo nun cartafol novo do escritorio.

Actividade 8:

Facer capturas de pantalla de:

- unha páxina web.
- o menú de aplicacións estendido

Actividade 9:

Modificar o contrasinal. Saír da sesión e volver a entrar.